

XARDÍNS DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

© 2007 Lunwerg Editores
© do texto: os seus autores
© das fotografías: os seus autores

Deseño gráfico: Miguel Ángel Palleiro
Tradución galego: María J. Lojo Abeijón
Tradución inglés: Michael Bunn, Charles Paxton

Creación, produción e realización Lunwerg Editores.
Reservados todos os dereitos.
Prohibida a reprodución total ou parcial sen a debida autorización.

ISBN: 978-84-9785-246-3
Depósito legal: B-6473-2007

LUNWERG EDITORES
BARCELONA: Beethoven, 12 - 08021 Barcelona - Tel. 93 201 59 33 - Fax 93 201 15 87
MADRID: Luchana, 27 - 28010 Madrid - Tel. 91 593 00 58 - Fax 91 593 00 70
MÉXICO: Callejón de la Rosa, 23 - Tlacopac, San Ángel - 01060 México, D.F. - Tel./Fax (52-55) 5662 5746
E-mail: lunwerg@lunwerg.com

Impreso en España

XARDÍNS DE GALICIA

Introdución

JOSÉ MARÍA BERMEJO

Textos

MARÍA EUGENIA RUIZ DE AZCÁRATE

Fotografías dos xardíns

LUIS CARRÉ

Fotografías da cociña

SACHA HORMAECHEA

LUNWERG EDITORES

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Sumario

Xardíns galegos: outra versión do paraíso 9
José María Bermejo

Os Xardíns
María Eugenia Ruiz de Azcárate

Quinteiro da Cruz 14
Oca 34
Pazo da Ribeira 56
Pegullal 70
Trasouto 88
Pazo de la Golpelleira 104
O xardín de Esperante 124
Fefiñáns 138
Sigrás 158
Jaz 180
Santa Cruz de Ribadulla 198
Rubiáns 218

As Receitas

Caldo galego 30
Empanada crocante de xoubas, embutido e *foie* 34
Manuel Chaves

Pastel de centola e ourizos 52
Lombo de mero con feixóns e allada galega 54
Eduardo Pardo

Peixe sapo asado, arroz cremoso de polbo e *carpaccio* de polbo 66
Ensalada de centolo, xelatina de tomate e pan de millo 68
Xoán Crujeiras

Gazpacho, sorbete de sandía e lagostino mariñado con herba luísa 84
Taco de bonito sobre crema de *marmitako* e mosaico de verduras 86
Miguel A. Campos

Bonito mariñado 100
Moega de tenreira, uvas e queixo San Simón 102
Rafael Centeno

Rulo de corzo, crema de nabo e salsa de P. X. 120
Perdiz en escabeche con pementos asados e vinagreta de níscaros 122
Héctor López

Tomate *Kinder* 134
Salmón, alga, herbas e conservas en vinagre 136
Marcelo Tejedor

Cacheira tostada con crema de cabaza e soia 156
Polbo con crema de pemento e mexillón á alfábega 178
Javier González

Ostras con emulsión de limón e xenxibre 194
Requeixo das Neves e tomate nunha pequena ensalada 196
Pepe Solla

Tostas de lacón, padróns e queixo de Arzúa 214
Vieiras rustridas con cogomelos de temporada e cabaza en escabeche 216
Javier Rodríguez «Taki»

Crocantes de tomiño 234
Salmonetes de roca con cachelos e os seus figadiños encebolados 236
Xosé T. Cannas

English Translation 239

Xardíns galegos
outra versión do paraíso

Imaxe e resumo do mundo, o xardín sostén –na súa fraxilidade cambiante e na súa vitalidade renovadora– a nosa nostalxia do Edén perdido. O xardín é, ao mesmo tempo, natureza e cultura. Por iso, a «Carta de Florencia» (1982) define o xardín histórico como «monumento vivo»: non só en si mesmo, polas plantas que seguen o seu ciclo evolutivo, polo tempo que pasa ou polas gradacións de luz que o fan diferente a cada instante, senón tamén polo impulso de creatividade que o ser humano puxo nel. Un xardín é, en certo modo, un soño materializado de auga e ceo, vexetación, cor, son, aroma, sabor a terra, pedra, memoria…; pero revela, ao mesmo tempo, unha personalidade diferenciada: a do espazo que o acolle; a da cultura que o anima. Aquí falamos dos xardíns de Galicia, ligados, en gran parte, aos pazos, á súa historia, á súa arquitectura, á súa organización socio-económica, á súa identidade ambigua pero rotunda. E falamos –como non– dunha paisaxe mítica.

O campo verde e o mar prateado definen o espazo galego, reavivado pola humidade constante, por un ceo que alterna a néboa e o orballo co azul máis puro. Desde o interior montañoso, sucado por mil ríos, ata o litoral suave das Rías Baixas ou das Mariñas ou o litoral abrupto da Costa da Morte, Galicia revélasenos como un país verde, morno e chuvioso, marcado pola supremacía da Natureza.

A gradación do relevo vaise definindo, de abaixo para arriba, por terras baixas de val e litoral, suaves bocarribeiras, montes ondulados e serras poderosas. O mar, os ríos, a chuvia e o paso do tempo foron moldeando o relevo granítico e as constantes dunha paisaxe atlántica marcada, á súa vez, por unha intensa actividade humana.

O relevo –accidentado pero suave, con numerosos microclimas– e o ambiente morno e chuvioso, contribuíron a configurar un hábitat de pequenas aldeas dispersas e próximas, un espazo de convivencia enraizado nunha lingua propia –de rica e intensa transmisión oral– e nunha cultura de fortes connotacións máxico-relixiosas.

Eses valores subsisten en gran parte, a pesar do vertixinoso proceso de transformación social, inevitable e ata necesario, aínda que contraditorio, que esixe un equilibrio entre a Galicia ensimesmada e a Galicia aberta. A arquitectura autóctona e a propia paisaxe son dous elementos especialmente sensibles nos que se xoga o ser ou non ser da identidade galega. A arquitectura popular, sabiamente adecuada ás condicións xeoclimáticas e socioculturais, persiste en casas, *pallozas*, *hórreos*, *muíños*, *fornos*, *pesqueiras*, *pombais*, *telleiras*, *alvarizas*, *palleiras* e *alpendres*. Na súa marabillosa variedade revélase o talento intuitivo dunha «arquitectura sen arquitectos», que combina a máxima funcionalidade coa perfecta integración na paisaxe. Noutro nivel, e con valores semellantes de funcionalidade e adecuación ao medio, os pazos constitúen unha das marcas máis significativas do patrimonio cultural galego: non só pola súa tipoloxía arquitectónica, que abarca a casa e as construcións auxiliares (*adegas*, *hórreos*, *faiados*, *tullas*, *alpendres*, *cabazos*, *invernadoiros*, *muíños*, etc.), senón tamén polos xardíns, parques e terras de cultivo que resumen a riqueza botánica, propia ou foránea, do país.

A cultura dos pazos, que acadou o seu esplendor no século XVIII, ten a súa orixe nos vellos señoríos e é unha extensión da «casa grande» ou da «casa-fortaleza». Ana Pereira Molares propón esta definición de «pazo»: «casa fidalga galega edificada no campo, posuidora de signos heráldicos, de proporcións e feituras suntuarias moi superiores ás do hábitat normal da zona e que presenta, non sempre pero si moi frecuentemente, portón brasonado, capela, pombal, xardíns, etc. E que cronoloxicamente pertence aos séculos XVII e XVIII, malia que poida posuír unha orixe anterior ou adicións de épocas posteriores».

A palabra *pazo*, derivada da palabra latina «palatium», aínda que de uso tardío, suxire o seu rango señorial e residencial, pero, en moitos casos, engloba as características da explotación agropecuaria, combinando a arquitectura residencial e a arquitectura complementaria ligada a unha eco-

nomía autosuficiente, e, no ámbito vexetal, os espazos axardinados –máis próximos ao palacio ou á casa grande– e a vexetación produtiva (viñas, hortas, prados ou bosques). A pesar da súa etimoloxía, o pazo carece de pretensións arquitectónicas, e os escasos adornos de arcadas ou terrazas relaciónanse máis coa luz e coa toma do sol que coa ostentación. Con frecuencia, a marca de nobreza concéntrase en algúns detalles moi concretos: o grosor dos muros, as grandes escalinatas exteriores, as chemineas de gran tamaño (ás veces con reloxos de sol) e, sobre todo, os escudos de liñaxe –no centro da fachada, na porta principal de acceso, na capela, nas fontes, nos muros ou «balados» que marcan o límite da propiedade, e mesmo tallados en buxo. En calquera caso, arquitectura e paisaxe forman un todo indisociable, como revela o dito popular: «Pombal, capela e ciprés, pazo é». Podemos rastrexar a súa orixe nas vilas romanas, nas torres defensivas e nos pazos medievais, con influencias posteriores da arquitectura campesiña e monástica, as vilas do renacemento italiano e o pazo barroco. Ángel del Campo resume a tipoloxía dos pazos en catro categorías fundamentais: 1) caserón entre torres de orixe medieval con ás traseiras que inclúen un patio de función utilitaria (por exemplo, Vista Alegre, en Vilagarcía, de Pontevedra); 2) construción en forma de U, formada por tres edificios e frecuentemente por un valado con portada que acostuma amosar brasón (Vilar de Ferreiros, en Santiago, A Coruña); 3) edificio de dúas ás en ángulo recto, enmarcando un xardín (Oca, cerca da Estrada, en Pontevedra, é o exemplo máis sobresaínte, rematado en 1746 sobre un núcleo de fins do século xv), e 4) caserón de bloque sólido (Bóveda, en Lugo, con fachada de galería de arcadas, de 1772). En xeral, podemos citar algunhas características comúns: planta rectangular, grosos muros de granito, disposición en dúas plantas, cruxías e entaboados de castaño, soportais en planta baixa e galerías ou solainas na planta superior, cubertas de escaso voo a catro augas e denso contorno vexetal.

Os avatares políticos e as transformacións sociais foron alterando os usos ou ameazando a mera supervivencia deses espazos singulares. A cultura palaciana, coas súas luces e sombras, extinguiuse, practicamente, nas primeiras décadas do século xix, coa transformación do pazo en mera residencia, pero subsisten, aínda, algúns valores patrimoniais –arquitectónicos e paisaxísticos– que é preciso coidar como legado importante da memoria colectiva.

A xardinería é un dos elementos máis suxestivos e fascinantes dos pazos galegos: non só pola súa orixinalidade e a súa variedade, senón tamén pola súa relación co contorno paisaxístico e pola beleza cambiante, asociada co paso das estacións e co porte, as tonalidades e as formas das plantas, sen esquecer a presenza da auga, os elementos ornamentais de pedra labrada (estanques, fontes, fervenzas, estatuas, balaustradas, escalinatas, *miradoiros*, *coadores*, etc.), e, por suposto, a fauna. As aves alegran co seu canto este microcosmos: pardais, lavandeiras brancas, merlos, urracas, córvidos, rulas, pombas, pimpíns, reiseñores, xiríns, ferreiriños, paxariñas escribanas, vencellos, andoriñas, petos reais, gabeadores, etc. As bolboretas zigzaguean entre a froresta, como nerviosas fadas de luz, e as ras mergúllanse nas pozas apartadas e sombrías. Todo –o grande e o pequeno– convive nestes espazos de felicidade.

No libro «Árboles Monumentales en el Patrimonio Cultural de Galicia», Carlos Rodríguez Dacal e Jesús Izco descóbrennos algunhas marabillas: o «Avó de Chavín» (un eucalipto de case 70 metros), no Souto da Retorta (Viveiro); os castiñeiros de Costa e de Pombairiños, en terras ourensás, cuxos troncos alcanzan un perímetro de ata 12 metros. Árbores con máis de 500 anos –como o carballo do pazo lucense de Cartelos, os castiñeiros do Bosque de Pombariños (Ourense) ou a «sobreira» de Balboa, na Estrada (Pontevedra)– e árbores tan raras coma a laranxeira hermafrodita do pazo coruñés de Brandariz, en Ortigueira… (No século XVIII, frei Martín Sarmiento –notario dilixente da flora galaica– anotou, entre outras curiosidades, que os loureiros plantados xunta os limoeiros os mantiñan frondosos, verdes e produtivos durante moitos anos).

Desde os pazos de *beiramar* divísanse, entre o verdor, os reflexos mariños, coas súas máxicas metamorfoses, a cabalo entre o eterno e o efémero. O xardín dos pazos –evolución refinada das hortas orixinais– evoca tamén os primeiros xardíns interiores e as extensas hortas dos grandes mosteiros galegos (Samos, Oseira, Sobrado dos Monxes ou San Martiño Pinario), e responde a unha tipoloxía variada, en función do emprazamento, clima, o relevo, o espazo, os usos e a inspiración, con influencias da xardinería francesa –máis xeométrica– ou do paisaxismo inglés –máis libre e natural–, pero con personalidade propia. En opinión de José A. Martín Curty, as pautas que definen a xardinería palaciana son: illamento, compartimentación, aterrazamento e eclecticismo. A verde campiña litoral realza a personalidade e a beleza destes

xardíns, que, con frecuencia, superan en prestancia á propia vivenda, con árbores maxestosas, como cedros do Atlas (*Cedrus Atlantica*) ou a súa variedade (*Cedrus atlantica 'glauca'*), cedros do Líbano (*Cedrus Libani*), abetos do Cáucaso (*Abies dordmanniana*), abetos gregos (*Abies cephalonica*), teixos (*Taxus baccata*), criptomerias (*Cryptomeria japonica*), palmeiras canarias (*Phoenix canariensis*), araucarias (*Araucaria heterophylla*), magnolios (*Magnolia grandiflora*), tileiros prateados (*Tilia tomentosa*), ou plátanos de sombra (*Platanus acerifolia*), ou con especies tan peculiares coma o rododendro do Ponto (*Rhododendron ponticum*), o ligustro lustroso de China (*Ligustrum acidum*), ou tan características coma o carballo (*Quercus robar*), o carballo albar (*Quercus petrae*), o castiñeiro (*Castanea sativa* ou *Castanea vulgaris*), o loureiro (*Laurus nobilis*), o loureiro real (*Prunas laurocerasus*), o érbedo (*Arbutus unedo*), o acivro (*Ilex aquifolium*), o magnolio (*Magnolia grandiflora*), o evónimo (*Evonymus*), o celindo (*Philadelphus coronarius*), a laranxeira (*Citrus aurantius*), o limoeiro (*Citrus limon*), o salgueiro chorón (*Salix babilónica*), a «bola de neve» (*Viburnum opulus «Sterile»*), a hortensia (*Hydrangea macrophylla*), o buxo (*Buxus sempervirens*) que enmarca os espazos, ou a camelia (*Camellia japonica*), a raíña exótica dos xardíns galegos, que mereceu o nome de «flor das Rías Baixas», aínda que a súa presenza se estende a outras zonas atlánticas de Galicia.

A sensación de «eterna primavera», mesmo nos meses de inverno, explícase pola frondosidade vexetal, sostida pola humidade do ambiente ou polos cursos de auga, e pola implantación de especies que permanecen verdes todo o ano ou as que, sabiamente mesturadas, aseguran unha floración sucesiva, escasa e matizada, que se vai relevando. As árbores de folla caduca e a abundante hedra poñen unha nota romántica nos días de outono.

Na comarca pontevedresa do Ulla, o Pazo de Oca é coñecido como «o Versalles galego», sobre todo polo seu belísimo xardín interior, vivificado –coma todo o pazo– polo regueiro Badoucos. Todo é aquí delicia: os bordos de buxo, mirándose nas augas dos estanques ou bordeando a fonte de granito, coa súa orixinal forma lobulada; a gran ría canalizada que se bifurca baixo a ponte; o fulgor das hortensias; o longo paseo dos tileiros; a branca galería; o vello lavadoiro, as camelias, cuxos pétalos cobren os camiños de inverno (entre elas, unha camelia centenaria de 15 metros de altura)…

O pazo coruñés de Mariñán, asomado á Ría de Betanzos e ás ribeiras do Mandeo, é outro dos espazos singulares, co seu acceso de plátanos de sombra –de ata 50 metros de altura–, castiñeiros de Indias e eucaliptos; a súa avenida de camelias antigas e de piceas (falso abeto), e, xa no corazón do xardín barroco, o seu parterre de buxo –obra mestra da topiaria ornamental– e as súas marabillas vexetais, abertas ao aire salino: buxos, teixos, érbedos, plátanos de sombra, cipreses de Portugal, chopos negros, freixos do maná… O pequeno xardín do embarcadoiro ou balcón da ría evoca, na súa íntima sensualidade, a lenda dos amores furtivos de dona Constanza, filla do poderoso Gómez Pérez das Mariñas.

O pazo de Lourizán, tamén en terras de Pontevedra, ofrece –ademais do aire romántico da súa reconstrución a finais do século XIX sobre un edificio do século XV–, a sorpresa dun inmenso predio forestal que rememora a estrutura da explotación agropecuaria, con espazos ben diferenciados (o xardín, a finca e o parque natural), xuntando a investigación forestal, a arte da xardinería e a natureza primixenia. A estrutura reitérase noutros espazos semellantes, como o Pazo de Ortigueira –máis coñecido como Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Pontevedra)– ou o conxunto de Castrelos, en Vigo, que inclúe o pazo barroco –hoxe museo Quiñones de León–, os xardíns históricos (roseira, xardín francés, xardín inglés), o bosque, o arboredo e unha parte do Paseo de Lagares. Neste conxunto de Castrelos –con viveiro, pombal e auditorio–, hai que destacar, a glicinia de entrada ao xardín francés e á Pradera do Té, o Paseo de Odriozola, con dobre fila de camelias, e, unha vez máis, a corrente vivificadora dun regueiro: o Lagares.

Hai outros espazos singulares que merecen ser coñecidos e gozados: por exemplo, os xardíns públicos de Possío, en Ourense; e, na provincia da Coruña –ademais do xardín de Méndez Nuñez, na capital–, o Xardín histórico-artístico de Padrón; A Ferradura, en Santiago de Compostela, e O Pasatempo, en Betanzos, rico en flora americana, deseñado a principios do século XX, seguindo os modelos italianos do Renacemento (en especial, o do xardín de Bomarzo), cunha dobre intención: recreativa e didáctica.

As camelias, os rododendros, as azaleas e as acacias «dealbatas» poñen o seu toque floral na relativa monocromía do inverno e as súas flores perduran ata o inicio da primavera, cando aínda son escasas as especies ornamentais floridas. Se houbera que elixir unha flor, como cifra e selo dos xardíns palacianos, esa sería, sen dúbida, a camelia: bela, fráxil, romántica. Jesús Izco, que a considera un «don de deus», escribe: «Na competencia entre buxo e camelia, esta triunfou sen discusión. A substitución é explicable dada a enorme desigualdade entre ambas especies na súa follaxe e nas súas flores, con vantaxe para a camelia en todos os casos. Durante o outono e o inverno as súas grandes follas brillan lustro-

sas coa chuvia, e as súas copas cállanse de flores vermellas, encarnadas, rosas, viñosas, violetas ou brancas inmaculadas, ou variegadas, que se multiplican en gran número de formas: plenas, semidobres, dobres, peonia, anémona. Flores que resaltan sobre o verde escuro das copas, como luciñas de cor, segundo se cantou no verso…»

Relativamente tardía, pois introduciuse en Galicia a mediados do século XIX, procedente de Portugal –que a importara das Indias Orientais–, a camelia aparece escasamente na literatura galega, aínda que é citada por Emilia Pardo Bazán, Curros, Pondal, Rosalía de Castro, Wenceslao Fernández Flórez, Ruibal ou Álvaro Cunqueiro, que escribiu unha *Laude da camelia*. O delicado madrigal que Federico García Lorca dedicou a Santiago de Compostela comeza así:

Chove en Santiago
meu doce amor.
Camelia branca do ar
brilla entebrecida ao sol.

Na poesía xaponesa –sobre todo no *haiku*– é unha das flores máis celebradas. Kyoshi (1874-1959) expresa, nun dos seus poemas máis coñecidos, a fraxilidade da beleza ou –se se quere– o rico da perfección fuxitiva:

a camelia
plenamente florida
é xa algo fea…

(Quizais por iso, para o *ikebana* da cerimonia do té se acostuma coller, un pouco antes, unha camelia entrecerrada, aínda con orballo…)

O pazo de Santa Cruz de Ribadulla presume de ter os exemplares de *Camellia japonica* máis vellos de Galicia, privilexio que se acostuma outorgar, erradamente, á «Oranda-Ko» de Castrelos polo seu porte espectacular. No pazo de Oca, a xoia é a *Camellia reticulata* «Captain Rawes», non só pola súa floración espectacular, senón tamén por ser unha das máis antigas da súa especie en Europa. Á entrada do pazo de Torres-Agrelo (Redondela) hai unha *Camellia sansaqua* de 9 metros de alto e 1,40 de perímetro, e na Terraza da Fonte, outras dúas multitroncais aínda máis altas (de 11,50 e 12 metros, respectivamente). No conxunto, destaca o cultivar «Barón de Soutelinho», de flores rosas e olorosas. Os xardíns do castelo de Soutomaior, rehabilitados a partir de 1982, contan cunha fabulosa colección, pero o pazo Torre de Lama alberga a maior plantación de camelias de Europa, cunhas 400 variedades.

O valor destes xardíns, hortas, bosques e prados é inmenso – na súa dimensión material e espiritual–. Paga a pena coidalos e preservalos, non só por si mesmos senón polo que significan. Lembremos, por exemplo, que na Comunidade galega hai 404 especies de flora e fauna en situación de ameaza, das cales e 59 están en perigo de extinción (entre elas, algunhas variedades de libélulas, o sapoconcho europeo, a galiña de monte ou o oso, e, entre as plantas, a herba de namorar, o lirio de monte ou o crisantemo).

Os xardíns galegos participan do impulso barroco xerado no século XVIII, con claro predominio da simetría versallesca, aínda que dotados dunha personalidade inconfundible, capaces de integrar –como en Ortigueira– o xeométrico e o paisaxístico, o artificial e o natural, a flora nativa e a exótica. A presenza da auga –visible ou invisible–, a pedra granítica –avellentada polo tempo e embelecida polo verdor orgánico de liques e musgos– e, por suposto, as plantas, avivaron a creatividade, moitas veces anónima, dos xardineiros. Un xardín non é só deseño: é, sobre todo, a alma, o aire que o vivifica e o fai, en certo modo, único.

José María Bermejo

Quinteiro da Cruz
entrelazado de camelias

Quinteiro da Cruz estala de cor en pleno inverno cando grandes ronchas amarelas, brancas, vermellas... iluminan as reviravoltas da follaxe. O xardín deixa entón translucir un intricado labirinto de paseos. De escaleiras de pedra e de escondedoiros que constitúen a esencia dun xardín que non é posible captar á primeira.

Un auténtico entrelazado de camelias que se esparexen suspendidas das sebes tan frías e delicadas como a propia luz de inverno. E o xardín cambia con elas a medida que cambian de cor e procedencia. 1.400 variedades polo menos que administran amodo a súa historia e a súa lenda.

Veñen de Vietnam, de China, do Xapón. Aclimátanse e quedan. Todo un alarde de botánica e beleza que se distribúe ao longo da finca en forma de altos muros de verdor ata dar nun xardín interior decorado con fornelas de flores, coma se fosen as paredes dun salón. Un recinto certamente abafador duns seis metros de altura.

O xardín descende despois, pola costa sempre en función das sebes de camelias que van debuxando currunchos e vereas. Un trazado antigo que conforma, non obstante, un xardín novo, dando fe da extraordinaria exuberancia desta terra. Un verdadeiro viveiro decorado que acepta cada día, novas plantas sen protestas. Ata dar co límite do bosque, –un bosque autóctono de piñeiros e de carballos–, a finca é un escaparate de camelias, rododendros e azaleas. Frondosa e feraz; ninguén diría que ten pouco más de 30 anos de existencia. O conxunto ofrece un aspecto coidadosamente renovado. Puxante. Fontes, bancos e mesas de pedra. O toque tropical dunha araucaria que remata nun airoso penacho de ramaxe.

Na espesura, unha capela que houbo de reconstruírse pedra a pedra a partir dos restos dunha do século XVI, asómase un panorama de viñedos. Unha pérgola cuberta de xasmín. O manchón outonal das hortensias. Dous hórreos e un cruceiro poñen por fin o contrapunto galego no conxunto que é sobre todo un xardín que espera.

Ás camelias.

Caldo galego

Ingredientes

100 g de patacas
1 mallada de grelos
50 g de fabas
1 chourizo
30 g de unto
½ dl de aceite de oliva
200 g de touciño entrefebrado celta
Nata
Auga
Sal

Elaboración

Coller unha tarteira, na que meteremos a cocer todos os ingredientes, cubrir o dobre coa auga en frío e cocer durante 1 hora e 45 minutos a lume medio. Mentres, imos facendo uns crocantes con chourizo e touciño entrefebrado, para o que cortamos láminas finas no curtafriames e introducímolas no forno a temperatura suave de 120 ºC ata que estean crocantes. Unha vez cocidos todos os ingredientes, separámolos e reservamos o caldo da cocción.

O seguinte paso é facer un puré coas patacas e cun pouco de aceite de oliva virxe, nata e algo do caldo da cocción.

Por outro lado, facemos outro puré cos grelos, un pouco de pataca e unhas fabas e reservámolo.

Presentación

Nunha copa de cóctel, dispoñemos o aperitivo da seguinte maneira: na parte de abaixo servimos un pouco de puré de pataca. A continuación, o puré de grelos, unhas fabas e inxerimos os crocantes nos purés. Rematamos cunhas gotas de aceite de chourizo por riba das fabas.

Manuel Chaves

Empanada crocante de xoubas, embutido e *foie*

Ingredientes

200 g de masa follada
1 ovo batido
Auga

Para o recheo

1 cebola
½ chourizo
100 g de xamón
100 g de touciño entrefebrado
1 dl de viño branco (albariño ou ribeiro)
8 xoubiñas
2 pementos vermellos asados
100 g de *foie gras* de pato

Elaboración

Cortamos a masa follada da forma desexada, xa sexa triangular, cadrada ou redonda, e colocámola nunha placa de forno. Pintamos por riba uns anaquiños con ovo batido, metémolos no forno a 180 ºC durante 20 minutos e reservámolos.

A continuación, picamos a cebola en paisana fina, así coma o resto de ingredientes do recheo, rustrimos a cebola ata o punto de caramelización, engadimos o resto dos ingredientes ao gusto, cociñámolos cun pouco de viño branco e reservámolo tamén.

Agora tócalle a quenda ás xoubiñas, que limpamos de raspas e vísceras. Por último, asamos o pemento vermello, pelámolo e triturámolo co seu aceite.

Presentación

Collemos unha peza de masa follada e abrímola pola metade. Enchémola coa cebola e o embutido, e facemos o mesmo coas demais. Dispoñemos enriba as xoubiñas e metemos a bandexa no forno ata que se cociñen as xoubas durante 2 ou 3 minutos.

Terminamos sacando a bandexa do forno. Poñemos encima das xoubas unas lascas de *foie* e taparemos ca tapa de masa follada.

Dispoñemos un debuxo co puré de pementos asados e empratamos a empanada.

Manuel Chaves

Oca
demasiado belo para ser descrito

Demasiado belo para ser descrito, o xardín do pazo de Oca debería percorrerse sempre en carruaxe; con palafreneiros de librea e seis cabalos.

En carroza dourada de principio e logo en landó acharoado. Só así, de perruca e calzón curto nos inicios, ou tocado de chistera en adiante, se podería non desentoar coa paisaxe.

A realidade non obstante, incorre na poesía. Non queda outro remedio que renderse. En tres séculos de existencia, o barroco, o neoclásico e o romántico sucédense e conviven ao arrolo das fontes. Do aire azulado e do brillo das flores.

Non hai remedio. A poesía insiste en impoñerse. Interfire e asenta os seus reais onde quere. Empéñase en navegar polos regueiros e axústase á cadencia das augas. Romanticona, desmedida; coma elas. Acompaña a serpe de buxo que conduce ao destino fatal do labirinto. Infíltrase entre os tileiros; agáchase tralas sebes. E vólvese ao fin, maxestosa e formal nos estanques onde nada un pato forasteiro abafado de lirismo.

Acaba de chegar e nótaselle. Pasa lento, contemplando pasmado o panorama: a illa, os floróns de hortensias, a ponte das Troitas, os canóns: debe de estar considerando se quedarse.

O contorno non pode ser máis elegante: un ceo que é puro Tintoretto, balaustradas de granito case prata. Escalinatas, estatuas. E a auga que se afasta tenue e plácida.

O xardín adopta agora, un ton versallesco, de horta decorada: viveiro de buxos e de rosas que conviven en paz, con apios coles e pementos. Kiwis que se remontan ao século XVIII, viñedos centenarios. E nun encadre que non pode ser máis clásico, unhas ocas aplícanse a engulir unhas mazás.

Unha ra despistada busca a auga. A Fonte do Teatro termina de ambientar o panorama.

Oca desprega despois unha alarmante topiaria: un caimán e un dragón; as armas da casa. A camelia máis alta de Europa contémplaas e conserva aínda flor ao dar a primavera. Azaleas, froiteiras e camelias comparten entón cor coas hortensias. O xardín vólvese máis concreto; brilla ao sol e despídese do halo de néboa que o cobre no inverno; dese resplandor incerto que propicia a maxia e a lenda.

Demasiado belo para ser descrito: un xardín de pedra envolto no celofán da auga.



Pastel de centola e ourizos

Ingredientes (4 persoas)

500 g de carne limpa de centola
2 kg de carne de ourizo
500 g de pescada
500 g de nata
400 g de salsa de tomate
8 ovos
Sal
Pementa
Xerminados de alfábega e chícharo

Elaboración

Cocemos as centolas, limpamos a súa carne e reservámola. Abrimos os ourizos e reservamos a súa carne e, finalmente, cocemos a pescada e tamén reservamos a súa carne limpa de espiñas e pel. Mesturámolo todo coidadosamente nun recipiente e cocémolo no forno ao baño maría a 175 ºC durante 1 hora.

Presentación

Rematamos cuns xerminados de alfábega e chícharo.

Eduardo Pardo – Domus (A Coruña)

lombo de mero con feixóns e allada galega

Ingredientes (4 persoas)

175 g de lombo de mero
Feixóns verdes
Allada
Sal
Pementa

Elaboración

Cortamos os feixóns en bastóns e cocémolos durante 2 minutos en abundante auga salgada; inmediatamente refrescámolos en auga xeada. Marcamos o mero na grella e terminámolo no forno con 4 minutos a 170ºC. Mentres tanto, salteamos os feixóns, montamos o prato e botamos de salsa unha allada galega quente.

Eduardo Pardo – Domus (A Coruña)

Pazo da Ribeira
un peligro para un mal pintor

Emprazado no val de Barcia, o xardín do pazo da Ribeira é sen dúbida, un perigo para un mal pintor.

Só un verdadeiro artista sería capaz de trasladar ao lenzo a beleza quieta dos buxos, e –o que supón un desafío aínda maior– o escuro cristal do río Barcés que compón de por si, unha límpida acuarela.

O xardín é obra de Thieve, un francés que en 1810 veu como soldado e quedou de xardineiro. Malia a súa estrutura case monacal, o conxunto encerra un innegable aire de «salón» do século XIX co seu labirinto de buxo e os seus sofás de pedra estilo imperio –ideados quizais, para que as visitas queden pouco tempo–, en conversación constante coa fonte. Baixo a pálida luz das camelias, Madame Recámier estaría no seu elemento.

«Monsiueur Thieve» ocupouse de deseñar outras dúas fontes que acompañen o discorrer dos paseos.

Das sebes e vereas que conducen á pérgola. Salpicounos de rododendros cor fucsia, de azaleas brancas e de dalias xaspeadas. E alá polos contornos de setembro dun manchón branquiazul de hortensias que contraste co vermello das canas. As aralias, negras bolas que maduran lentamente ata converterse en contas de rosarios alíñanse en torno a unha longa avenida que busca o horizonte. Pero non puido controlar os esquíos, nin menos ás londras que unha vez traspasada a cancela, escorren rápidas, en torno ao bambú negro, aos carballos, abeleiras chan, castiñeiros, freixos e álamos prateados que vistos desde a ponte, conforman un aberto bosque de ribeira.

Do pazo da Ribeira.

Peixe sapo asado, arroz cremoso de polbo e *carpaccio* de polbo

Ingredientes (4 persoas)

Para o peixe sapo asado

4 lombos de rabada sen espiña de 200 g cada uno
Sal
Aceite de oliva

Para o arroz cremoso de polbo

150 g de arroz arborio ou carnaroli
Aceite de oliva
1/2 cullerada de café de pemento da Vera
2 ceboletas picadas
2 dentes de allo picados
1/4 de pemento morrón picado
Aceite de oliva
3/4 l de auga de cocer o polbo
25 g de queixo parmesano relado
300 g de polbo cocido e picado

Para o carpaccio *de polbo*

1 polbo de 2 a 3 kg

Elaboración

Peixe sapo asado

Sazonamos o peixe e dourámolo na grella por todos os lados. Retirámolo nunha bandexa e reservámolo. No momento de servilo no prato introducímolo 5 minutos ao forno a 165 ºC.

Arroz cremoso de polbo

Rustrimos as verduras con 2 culleradas de aceite de oliva a lume moi suave. Engadimos o pemento, o polbo picado e a auga da cocción do polbo. Fervémolo todo e reservámolo.

Nun cazo poñemos o arroz ao lume e engadimos pouco a pouco o guiso do polbo. Cocemos tamén o arroz pouco a pouco ata que alcance o seu punto; entón sazonamos e ligamos co parmesano.

Carpaccio *de polbo*

Cocemos o polbo en auga fervendo, retirámolo da auga e de seguido cortámolo en tentáculos. Pasámolo a un molde de pastel colocando os tentáculos ao longo do molde ata enchelo. Prensámolo e deixámolo prensado na cámara un mínimo de 6 horas. No momento de empregalo, cortamos láminas no curtafriames.

Xoán Crujeiras – A Estación (Cambre, A Coruña)

Ensalada de centolo, xelatina de tomate e pan de millo

Ingredientes (4 persoas)

Para a ensalada

200 g de centolo cocido e esmigallado
100 g de chalota ou ceboleta picada
1 ceboliño picado
Aceite de oliva
1 culler de café de vinagre de Xerez

Para o pan de millo

Pan de boroa
2 dentes de allo
Aceite de oliva

Para a xelatina de tomate

2 kg de tomates moi maduros
30 g de azucre
Sal

Elaboración

Para a ensalada

Mesturamos todos estes ingredientes suavemente e sazonamos.

Pan de millo

Dun anaco de pan de boroa cortamos láminas no curtafriames e fritímolas lixeiramente en aceite con dous dentes de allo, ata que se douren. Reservámolas sobre papel absorbente.

Xelatina de tomate

Partimos os tomates en anacos grosos, sazonámolos co sal e o azucre e amasamos coas mans. Entón, poñémolo dentro dunha tea de gasa e colgámolo na cámara sobre un recipiente para que o líquido do tomate escorra. Así obtemos un líquido transparente. Por cada $^1/_2$ litro de auga de tomate, engadimos 2 follas de xelatina. A continuación, rehidratamos a xelatina en auga fría. Quentamos o $^1/_2$ litro de auga de tomate e desfacemos nela a xelatina. Por último, deixamos arrefriar.

Xoán Crujeiras – A Estación (Cambre, A Coruña)

Pegullal
Eurípides no xardín

Inmerso na Galicia tropical xunta as ribeiras do Miño, o xardín do pazo de Pegullal responde a un trazado xeométrico inmediatamente camuflado polas veladuras dunha vexetación exuberante. Como xurdido dun gravado antigo, o escenario invita a considerar «o transcendente». Paisaxes de buxo, agochos.

A inquietante intimidade do labirinto. Misteriosos paseos semiocultos á vista inducen a sisudas reflexións: filosofía no fondo da follaxe; Eurípides sentiríase no seu elemento.

Pegullal evoca o mellor do Mundo Antigo. Un deseño propio do renacemento italiano que busca o equilibrio do clásico. O xardín discorre dun extremo a outro da casa sen perder por iso sincronía.

Sebes e estanques alónganse impecables en contraste coa irregularidade da fachada. O conxunto transmite unha serenidade que non é estática pois é o propio xardín o que o impide. Os magnolios, as gardenias, as licinias que arroiban en abril. Os miles de chispiñas de luz que habitan saltareiras nas fontes, os diferentes ecos da auga que guinda cada gárgola van debuxando unha sucesión de paisaxes de perfume, de cores, de formas, de rumores, que non permanecen quietos un instante. Transforman os currunchos a capricho dos días, das horas ás veces de maneira descarada, outras discreta. Con desvergonzado desenfado mediterráneo unha figueira traspasada polo sol alza as súas pólas en signo de vitoria. No alto cimbra unha palmeira. Marmelos, granadas, limoeiros esquecen que San Bieito desde a súa capela os vixía. En realidade o santo ocúpase do seu carballo, –600 anos leva no empeño–, ameazando con arrincarlle a saúde ao ousado que corte a máis mínima poliña. Con éxito. Pola comarca ao menos, aínda non se encontrou quen se atreva.

Gazpacho, sorbete de sandía e lagostino mariñado con herba luísa

Ingredientes (4 persoas)

Para o gazpacho

1 kg de tomates maduros
100 g de pemento verde
2 dentes de allo
100 g de pan previamente remollado
4 culleradas sopeiras de aceite de oliva virxe
Vinagre de Xerez ao gusto
Sal
Auga

Para o sorbete de sandía

800 g de sandía sen pebida
5 g de estabilizante
Glicosa

Para o lagostino mariñado

4 colas de lagostino
Sal Maldon
Vinagre
Aceite de oliva
Cebola
Fiúncho
Unhas follas de herba luísa

Elaboración

Gazpacho

Batemos todos os ingredientes excepto a auga nun robot de cociña. Segundo se trituran imos engadindo a auga ata conseguir o punto que nos guste. Por último, rectificamos de sal e vinagre.

Sorbete de sandía

Trituramos todos os ingredientes, deixámolos descansar 12 horas e despois metémolos no conxelador 24 horas máis. No momento do pase turbinámolo.

Lagostino mariñado

Cortamos a cebola e o fiúncho en xuliana e incorporámoslle o vinagre, o aceite e as follas de herba luísa. Neste conxunto deixamos mariñar unhas horas os lagostinos. No momento de servir, atravesamos os lagostinos cun espeto, marcámolos na chapa 4 segundos por cada lado e poñémoslles un pouco de sal Maldon.

Miguel A. Campos – A Gabeira (Ferrol, A Coruña)

Taco de bonito sobre crema de marmitako e mosaico de verduras

Ingredientes (4 persoas)

Bonito
Sal Maldon

Para o marmitako

250 g de recortes de bonito
150 g de pataca
Pemento en po doce
1 folla de loureiro
1 pemento chouriceiro
1 pemento verde
Foumet de bonito

Para o mosaico de verduras

80 g de feixóns
80 g de cenoria
80 g de pemento morrón verde
80 g de pemento morrón vermello

Elaboración

Cos tacos de bonito faremos uns rectángulos de 140 gramos, e reservamos os recortes para o *marmitako.*

Marmitako

Triturámolos todos os ingredientes menos os recortes, pasámolos polo cribo fino e rectificamos de sal.

Mosaico de verduras

Cortamos os ingredientes en paisana fina e salteámolos ata que empecen a soltar os azucres. Entón reservámolos para a montaxe.

A continuación marcamos os tacos de bonito á grella. Temos que deixalos pouco feitos e sazonados con sal Maldon.

Miguel A. Campos – A Gabeira (Ferrol, A Coruña)

Trasouto
un xardín de paz

O xardín de San Lourenzo de Trasouto transcende a botánica. O de menos son as plantas, a cuncha e a cruz de Santiago que trazan os buxos no claustro. Non importan nin o trazado nin as fontes. Cal cómpre a un antigo mosteiro, o seu xardín é un lugar de rezos e silencios. Un lugar que apetece os murmurios. Non se pode falar doutra maneira. Polo menos; non se debe. A auga non obstante, non obedece.

A auga que interpreta os seus rumores a tres voces, estala en finos chorros na fonte coa claridade dunha trompeta. Óese o áspero «plof» dun caño gordo nunha pía e unha rápida corrente discorre pola quenlla pois ao fin, isto é unha horta e nela, o xardín conserva intacta a súa alma de convento. Unha alma que é morada e non refuxio. Que se carga de enerxía a partir dos silencios e recobra a medida das cousas con só pasear entre as sebes. Entre cuadrículas que foron de prosaicas hortalizas, –non hai moito de poesía nun pemento–, flúe unha tranquilidade que é plena e sen nostalxias. O ceo colabora no empeño.

E o xardín comunica todo isto. Ao saír o ánimo está presto a afrontar o que faga falta.

Dentro o xardín respira en gris. O sol da tarde criba a luz xusta para tinguir de azulado os parterres. Faias e abetos recortan contra o ceo a silueta imaxinada da torre desmochada dun castelo con ruinosas ameas e escaleiras. Un templiño emerxe como pode entre grandes palmeiras de dátiles.

Inverosímiles rosas de pitiminí crecen delicadas como sopros. Parece que se van desfacer con só velas. Dalias, gardenias. Unha roseira silvestre nacida da paisaxe. Pouco a pouco as árbores van pechando unha bóveda elevada de ramaxe que acaba en intricada carballeira. Ole a loureiro e a herba luísa. Por aquí atopouse unha imaxe de pedra da Virxe, –século XV, din–, que agora preside o claustro en constante presenza do eterno. Non ten advocación determinada: A Virxe das Augas podería ser, pois habita un altar xunta a fonte. Uns cantos anxiños acompáñana, –repoludos como deben ser os anxiños–, e ocúltanse con ela, entre os buxos. Imperturbable, a auga executa o seu concerto.

Do claustro á capela, Trasouto vólvese monumento e reafirma a súa identidade de mosteiro. A luz fíncase no retablo barroco e as árbores esperan; o que se celebra na igrexa, –xa se sabe–, festéxase no xardín.

Ante as portas de San Lourenzo de Trasouto a cidade de Santiago de Compostela detense.

Non é para menos.

Bonito mariñado

Ingredientes (4 persoas)

As peles de 2 laranxas, 1limón
e 1 lima
1 peza de bonito
Sal gordo
Aceite de oliva virxe extra (arbosana)
Vinagre de Xerez
Leituga vermella
Ceboliño
Follas de limoeiro
Cravo
Pementa, etc.

Elaboración

Limpamos ben as peles dos cítricos e deshidratámolas para despois facer un po con elas.

Introducimos no aceite a 65 ºC o ceboliño, o cravo, etc. A continuación, pasamos a quitar as peles e as espiñas do bonito e quedamos cos seus catro lombos. Introducímolos na mestura do po de cítricos con sal por espazo dunha hora. O seguinte paso é limpalos e metelos no aceite aromatizado xa coado e frío un mínimo de 36 horas.

Presentación

Para terminar cortamos os lombos en tacos de 2 por 2 centímetros e colocámolos nun prato coa leituga vermella aliñada co aceite da mariñada e o vinagre de Xerez.

Rafael Centeno – Maruja Limón (Vigo, Pontevedra)

Moega de tenreira, uvas e queixo San Simón

Ingredientes (4 persoas)

Moegas de tenreira
Uvas
1/4 l de leite
1/2 l de nata
As peles do queixo afumado
1 peza de 80 g de queixo limpa
Caldo de tenreira feito de maneira tradicional
Sal

Elaboración

Escaldamos as moegas e limpámolas de peles para despois metelas no caldo uns 50 minutos, dependendo do tamaño, a 75 ºC, abatemos (esta operación poderá realizarse tamén ao baleiro) e reservamos. A continuación, quitámoslles as pebidas ás uvas e máis a pel. Introducimos as codias do queixo nos lácteos ata conseguir o gusto desexado, coamos e trituramos co taco do queixo e salgamos. Volvemos coar e metemos a mestura nun sifón para mantela quente.

Seguidamente, marcamos as moegas nunha grella e bañámolas co caldo de tenreira reducido.

Presentación

Disporemos un pouco de queixo nun prato, as uvas e enriba a moega cunhas escamas de sal.

Rafael Centeno – Maruja Limón (Vigo, Pontevedra)

Pazo da Golpelleira
o feliz aire dos anos 20

O aire feliz dos «anos 20» flota sobre os xardíns do pazo da Golpelleira coma se non pasara ningún tempo e mozos despreocupados e elegantes, estivesen a piques de materializarse de pronto nun vieiro cunha raqueta de tenis nas mans. O tráfico de Vilagarcía de Arousa estaría completamente fóra de contexto.

A Golpelleira conserva intacto o espírito das vilas de veraneo de entón. Reina un universo refinado, confortable. Románticos currunchos suavizan como poden o trazo estrito das sebes; clásico e francés por descontado. Impecables paseos de grava pérdense da vista da casa. Ao fondo, unha palmeira «con enaguas» preside unha rotonda de sabor mediterráneo. Airosa, risoña. Zumega desenfado. Claro que vista desde abaixo, tamén podería tratarse dun paraugas invertido e semiaberto, pero non. O que as palmas debuxan no alto, son decididamente unhas enaguas. Aos seus pés, iucas, tileiros, figueiras. Un verdor con aroma a limoeiro e un esquío que escorre entre os piñeiros.

Tentadoras boliñas de laranxa alegran a follaxe. Brillantes, redondiñas. Pero agres.

Un ambiente malicioso. Idílico, pulido e elegante que recrean as revistas ilustradas.

O xardín discorre despois máis ríxido e estrito pero nunca menos belo. O sol verniza as folliñas de buxo tódolos días, e píntaas con esmalte das uñas. Unha cova de camelias forma un túnel sombrío que florece no inverno. Rosáceas, vermellas, brancas; a célebre «Alba Plena» que trouxo para o pazo tantos premios. Nos parterres habitan macizos de petunias. Rosas, azuis. Un corro de sebes forma círculo en torno a unha mesa de pedra cos seus bancos. Roseiras venerables, magnolios, xirasoles esculcan as ventás da casa.

Pouco a pouco, o xardín vaise volvendo dun «agreste contido», a medida que se avanza cara á finca: «salvaxe ma non tanto», co seu estanque en forma de dúas lágrimas. As enormes costelas de Adán das beiras ocultan calquera tipo de vergonzas: e á propia Eva se fai falta. Xunta a pista de tenis de terra batida, unha das primeiras existentes en Galicia, un velador de pedra brindaba un punto de repouso aos tenistas.

Aqueles longos veráns...!

COL PELLEIRA



Rulo de corzo, crema de nabo e salsa de P. X.

Ingredientes

Para o corzo

1 lombo de corzo
1 cebola
1 branco de porro
1 pemento
2 dentes de allo
1 cenoria
1 l de caldo de polo
1 dl de viño tinto
4 láminas de touciño de porco
Aceite de Oliva
Sal

Para a crema de nabo

2 nabos
1 cebola
2 dentes de allo
20 g de manteiga
1 dl de nata
1 dl de caldo de verduras
Aceite de oliva

Para a salsa de P. X.

3 dl de viño P. X.
20 g de uvas pasas
Salsa de guisar o corzo

Elaboración

Corzo

Limpamos moi ben o corzo, cortámolo en cadrados uniformes que douramos e reservamos. No mesmo aceite facemos un fondo de verduras. Engadimos viño tinto e deixamos reducir un pouco. Entón, introducimos o corzo, engadimos un pouco de caldo e deixamos que se vaia facendo lentamente.

Unha vez que o corzo estea, escorrémolo e envolvémolo en touciño coa axuda de papel transparente e deixámolo arrefriar cun peso por riba.

Crema de nabo

Rustrimos un pouco de cebola e allo co aceite de oliva e un pouco de manteiga e engadimos o nabo cortado en anacos pequenos. Cando estea ben rustrido, agregamos un pouco de nata e de fondo verduras. Triturámolo todo e pasámolo polo coador.

Salsa de P. X.

Poñemos un viño doce con uva de Pedro Ximénez a reducir. Cando o teñamos ben reducido, engadimos un pouco do fondo do corzo e unhas uvas pasas.

Presentación

Cortamos o corzo en toros e marcámolos á grella ata que se lles faga un pouco de costra. Introducímolos no forno ata que estean ben quentes por dentro. Entón, quentamos a crema de nabo, poñémola ao lado do corzo e estendemos a salsa de P. X.

Héctor López – Restaurante España (Lugo)

Perdiz en escabeche con pementos asados e vinagreta de níscaros

Ingredientes (4 persoas)

4 perdices
1 l de caldo de polo
3 dl de vinagre de Xerez
1 cebola
2 dentes de allo
1 limón
Sal

Para a vinagreta de níscaros

200 g de níscaros
50 g de vinagre
100 g de auga
100 g de aceite de oliva virxe
Sal
Pementa negra

Para os pementos asados

4 pementos
1/2 dl de vinagre
2 dl de aceite
4 lascas de xamón
Sal

Elaboración

Perdices

En primeiro lugar, douramos as perdices con aceite a lume forte e despois rustrimos cebola e allo nunha ola. Entón, engadimos caldo de polo, vinagre de Xerez e un limón cortado en lascas. Introducimos as perdices e deixámolo facerse a lume lento. Cando estean listas, deixámolas arrefriar e esmagámolas.

Níscaros

Cocemos os níscaros nunha parte de vinagre e dúas partes de auga. Poñemos sal e pementa negra ao punto e deixámolo arrefriar na mesma auga. A continuación, picamos os níscaros e facemos unha vinagreta con aceite de oliva virxe.

Pementos

Asamos os pementos no forno co aceite, o vinagre e o sal, e nunha bandexa entre dúas teas tipo Silpat facemos os crocantes de xamón co forno a unha temperatura suave.

Presentación

Facemos unha cama cos pementos asados e imos alternando capas de xamón crocante e perdiz. Por último, botámoslle a vinagreta de níscaros.

Héctor López – Restaurante España (Lugo)

xardín de Esperante
«un máis da familia»

Xa o avisan as campaíñas azuis que exercen de porteiras e as figueiras do inferno, tamén en forma de campá que tintinan o seu perfume, cada vez que se abre ou se cerra a cancela: «Este xardín é un máis da familia».

Hai xardíns románticos, nostálxicos, clásicos. estritos. Ou perfectos. O do pazo de Esperante en Quembre é sobre todo, un xardín risoño. Un contorno que transmite quentura máis que alegría. Coma quen penetra no patio dun castelo, unha estreita escaleira de pedra deslízase entre as murallas dun buxo espeso e verde-negro. Altas sebes que a modo de vestíbulo protexen a intimidade do resto do xardín, da casa e da finca. Risoños, descarados, uns cantos caraveis amarelos saúdan moi tesos no centro dun parterre que se fai pasadizo antes de franquear a muralla ata abrirse ao azul do horizonte. O aroma dun falso xasmín agarda na escaleira presto a dar a benvida.

O terreo que se estende ante a vista entrégase á mirada sen reservas, o que non quere dicir que sen segredos. O xardín baixa ata o río, disposto en bancais de cores. Flores de todos os matices, –rosas, azuis, brancas, amarelas–. O toque malva dun magnolio xaponés e pequeniño sen forzas xa, para botar ademais da flor, algunhas follas. Unha camelia tamén compatriota acompáñao. Hai chícharos de olor, lirios, dalias. E outras tantas plantas que de rigoroso incógnito ou con nome coñecido se aloxan en macetas e muretes que se perden no bosque.

Alí, entre carballos faias, salgueiros e castiñeiros, todos os contraluces do verde se apoderan da paisaxe. Verdes ouro, verdes secos, ou mazá. O sol ilumina a herba arrincándolle alegres esmeraldas. O hórreo convertido en cuarto de xogar dá o contrapunto enxebre a dúas palmeiras; delgada unha, a outra regordeta. O conxunto enteiro exhibe o esmerado «descoido» dun xardín inglés. Nada de trazados rigorosos; rosas e lavandas crecen onde poden en aparente e británico desorde. Aos pés do pazo, dunha casa que en 1512 xa era fidalga, as buganvíleas trepan polo muro.

Con toda confianza.

Tomate *Kinder*

Ingredientes (4 persoas)

4 tomates de rama
$^1/_2$ l de augardente de tomate
$1^1/_2$ l de vinagre de Módena
2 culleradas sopeiras de tomate en po
30 g de pilpil de pescada
$^1/_2$ dente de allo branqueado
3 dl de aceite de oliva Siurana 0,2º para o pilpil
8 cl para o sazonamento
Sal Maldon

Elaboración

Infusión de augardente e vinagre

Quentamos a 65 ºC a augardente e o vinagre. Engadimos unha cullerada de tomate en po, disolvemos ben este último e deixámolo arrefriar.

Tomates

Escaldamos os tomates e somerxémolos inmediatamente en auga con xeo, pelámolos e secámolos ben. Coa axuda dunha culleriña francesa, baleirámolos de auga e pebidas practicando unha apertura na base de cada tomate. Temos que reservar a auga de vexetación.

Impregnación dos tomates

Introducimos os tomates na reixa da Gastrovac e engadimos a infusión fría de augardente e vinagre. Facemos baleiro durante 15 minutos (a unha presión de 0,8 bar) e somerxemos os tomates. Retiramos o aceite pouco a pouco para que estes se impregnen ben. Sacamos os tomates, escorrémolos e gardamos esta infusión para posteriores impregnacións.

Pilpil de tomate

